

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004551	IES Illa de Tambo	Marín	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Antropoloxía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A materia de Antropoloxía como materia optativa de 1º de Bacharelato é unha materia multidisciplinar que proporciona múltiples perspectivas pois incorpora achegas de diferentes ciencias, contribúe ao coñecemento da persoa, tanto a nivel social como biolóxico e cultural. Esta situación permite que o alumnado poida relacionar os diversos coñecementos adquiridos ao longo da súa vida académica, contribuíndo na súa consolidación persoal cara ao mundo adulto, tanto a nivel académico como de desenvolvemento persoal.

O currículo da materia consta de 4 bloques que reflicten a evolución histórica desta disciplina, un de carácter introdutorio, antropoloxía filosófica, antropoloxía físicobiolóxica, e sociocultural.

No Illa de Tambo matricúlase nesta materia optativa de 1º de Bacharelato, alumnado procedente das modalidades de bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades, este curso contamos con 15 matriculados.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar o obxecto de estudo da Antropoloxía, empregando con propiedade os seus conceptos e termos e discernindo entre as súas ramas e escolas para analizar e comprender os problemas propios do seu campo.			2		11	1		1
OBX2 - Entender e valorar as reflexións que a filosofía vén facendo desde os seus inicios sobre a natureza humana, guiada pola intención de atopar aquel ou aqueles elementos que poidan constituír o feito radical e específico que nos caracteriza, facendo unha comparación histórica das respostas, así como confrontándoas coas achegadas por outras ramas do saber, para apreciar que, malia a historicidade das respostas, a cuestión de entender en que consiste ser humano parece que formará parte perenne das interrogacións que nos facemos para dármonos sentido e para darlo ao mundo.	1-2		2	1	40	3		1
OBX3 - Examinar o proceso de hominización debuxando a árbore filoxenética do ser humano e reconstruíndo o curso da evolución humana mediante o estudo dos restos fósiles, e clarificar o proceso de humanización identificando os distintos factores que interveñen nel, para manter unha actitude harmoniosa e respectuosa co medio e cos seres vivos, así como unha actitude crítica ante posturas dogmáticas respecto á aparición do ser humano ou as diferenzas entre individuos e grupos humanos.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Recoñecer a gran variabilidade da especie humana froito da bioloxía, identificando as achegas relativas á herdanza, á cultura e á interacción co ambiente nas poboacións humanas anteriores e actuais, para construír unha actitude crítica e de rexeitamento ante as discriminacións por razón de xénero, orixe racial ou étnica, lugar de nacemento ou veciñanza e unha actitude respectuosa e solidaria con todo ser humano e cos outros animais.	2-3	3	2	1	20-31	1-2-3-4		1
OBX5 - Entender o ser humano como animal social e estudar a cultura e a sociedade desde un punto de vista antropolóxico, incidindo nos métodos de investigación e nas diferentes escolas antropolóxicas, comprendendo a importancia da endoculturación e da antropoloxía do parentesco, e analizando o etnocentrismo e o relativismo cultural, para entender a construción social da cultura, a diversidade cultural e as actuais culturas globalizadas.	1-2-5	3	2-4	1-2	40	1-2-3		1
OBX6 - Analizar a importancia da produción cultural, tanto material como inmaterial, para comprender os procesos de patrimonialización cultural, entender e valorar os aspectos e as manifestacións propias da cultura galega, e para poder desenvolver traballos etnográficos ou etnolóxicos sobre ela.	1-2-3	3	2-4	1-2	31-40	1-2-3	3	1-2

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A antropoloxía como saber	Métodos dos estudos antropolóxicos. Ramas da antropoloxía	10	10	X		
2	Antropoloxía biolóxica: hominización	A orixe do homo sapiens evolutivamente. A árbore filoxenética.	12	20	X		
3	O proceso de humanización e a diversidade biolóxica das poboacións humanas	A adaptación do homo sapiens ao medio. O papel da muller na humanización. O papel da herdanza e o medio ambiente na diversidade biolóxica, significado das variacións físicas.	12	20	X		
4	Antropoloxía sociocultural: o ser humano como animal social	Distintas escolas antropolóxicas. O rol social e cultural	11	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Cultura e endoculturación. Diversidade cultural	A construción social da cultura, culturas tradicionais e globalizadas. Actitudes ante a diversidade cultural	11	15		X	
6	A produción material e inmaterial. Sexualidade ,sexo e xénero	Costumes e tradicións. Manifestacións culturais. A diversidade cultural sobre o sexo.	12	20		X	
7	Antropoloxía do parentesco	Roles sociais e modelos de sociedade	11	15			X
8	Antropoloxía cultural galega	Etnografía e etnoloxía	10	10			X
9	Antropoloxía filosófica	A idea de natureza humana na tradición filosófica e a busca da especificidade humana	11	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A antropoloxía como saber	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Delimitar e precisar o campo de estudo da Antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas.	Entender a especificidade multidisciplinar da antropoloxía	TI	100
CA1.2 - Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da Antropoloxía.	Definir o ámbito de estudo de cada unha das ramas da antropoloxía		
CA1.3 - Diferenciar a Antropoloxía doutros saberes.	Entender a relación da antropoloxía con outros saberes		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Antropoloxía. - Definición. - Obxecto. - Fins. - Método e técnicas dos estudos antropolóxicos. - Ramas da antropoloxía. - Antropoloxía física. - Antropoloxía sociocultural.

Contidos

- Antropoloxía filosófica.
- A Antropoloxía e a súa relación con outros saberes.

UD	Título da UD	Duración
2	Antropoloxía biolóxica: hominización	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer a humanización como proceso evolutivo de adaptación ao medio, comprendendo a plasticidade biolóxica do ser humano que lle permitiu crear a cultura a través da análise da importancia da linguaxe simbólica, da fabricación de ferramentas, da transmisión de coñecementos e do pensamento abstracto.	Elaboración dunha árbore filoxenética da especie humana	PE	50
CA3.1 - Analizar o proceso de hominización, repasando o rexistro de restos fósiles que testemuñan o proceso evolutivo que levou á posibilidade de esclarecer a árbore filoxenética do ser humano ata a aparición da especie homo sapiens, a través do estudo das especies prehomínidas e homínidas.	Entender as características anatómicas específicas ao longo do proceso de hominización	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A evolución humana: o proceso de hominización.
- A orixe do homo sapiens desde o punto de vista evolutivo.
- A árbore filoxenética.

UD	Título da UD	Duración
3	O proceso de humanización e a diversidade biolóxica das poboacións humanas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer a gran diversidade e variabilidade da especie humana a través do traballo colaborativo do alumnado, fortalecendo nel unha actitude positiva e respectuosa cara ás diferenzas, apreciándoas como enriquecedoras.	Posta en común sobre as ideas preconcebidas acerca das diferenzas físicas nas poboacións humanas, entendendo o inapropiado de falar de razas na nosa especie	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución humana: o proceso de hominización. - O proceso de humanización. - A adaptación do homo sapiens ao medio: a linguaxe, a técnica e o pensamento abstracto. - O papel das mulleres na humanización. - A diversidade biolóxica das poboacións humanas. - O papel da herdanza, a cultura e o ambiente nela. - Significado das variacións físicas das poboacións humanas e a súa importancia para o conxunto da especie.

UD	Título da UD	Duración
4	Antropoloxía sociocultural: o ser humano como animal social	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Definir o ser humano desde a súa dimensión social e cultural, entendendo a súa pertenza a diferentes grupos sociais e comprendendo a noción de rol social e cultural.	Expoñer a complexidade humana a través da identidade social e cultural de cada persoa	TI	100
CA4.2 - Analizar o termo cultura, asumindo a súa importancia social, salientando os axentes e os procesos de endoculturación, distinguindo as achegas das diferentes escolas antropolóxicas, e comprendendo as perspectivas emic e etic.	Comprender os procesos e elementos de transmisión de formas e contidos culturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Antropoloxía sociocultural. - Os métodos de investigación. - As escolas antropolóxicas.

UD	Título da UD	Duración
5	Cultura e endoculturación. Diversidade cultural	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.	Elaboración dun pequeno glosario cos elementos conceptuais que amosan as actitudes ante a diversidade cultural	PE	100
CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais.	Elaboración dunha táboa de elementos de produción cultural material e inmaterial, tanto da propia cultura como doutros horizontes culturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como animal social. - O rol social e cultural. - A dimensión social e cultural da linguaxe. - As diferenzas sociais.

UD	Título da UD	Duración
6	A produción material e inmaterial. Sexualidade ,sexo e xénero	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Describir e entender as producións culturais, tanto materiais como inmateriais, e comprender a importancia da patrimonialización da cultura nas sociedades actuais.	Elaboración dun texto no que se expoñan as razóns para a conservación do patrimonio, tanto material como inmaterial	PE	50
CA4.3 - Comprender, aceptar e valorar a diversidade cultural e as diferenzas sociais, entendendo as implicacións do etnocentrismo e do relativismo cultural, e distinguindo entre multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.	Analizar diversos elementos da propia cultura e doutros horizontes culturais dende distintas posicións sociais respecto da diversidade cultural. Identificación de prexuízos	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Definición de cultura e endoculturación.

Contidos

- A construción social da cultura.
- Culturas tradicionais e culturas globalizadas.
- A diversidade cultural.
- Etnocentrismo e relativismo cultural. A análise da cultura desde as perspectivas emic e etic.
- Multiculturalismo, interculturalismo e transculturalismo.
- A diversidade cultural sobre o sexo: sexualidade, sexo e xénero.
- Os universais culturais.
- A produción cultural material e inmaterial.
- Os costumes e tradicións.
- As manifestacións culturais.

UD	Título da UD	Duración
7	Antropoloxía do parentesco	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Entender a importancia da linguaxe e do parentesco en todos os procesos culturais e sociais ao longo do tempo.	Elaboración dun texto no que se identifiquen con claridade os modelos sociais que reflicten as estruturas de parentesco	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A produción cultural material e inmaterial.
- O hábitat.
- Os costumes e tradicións.
- As manifestacións culturais.
- Antropoloxía do parentesco.

UD	Título da UD	Duración
8	Antropoloxía cultural galega	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Reflexionar sobre os aspectos propios da cultura e da sociedade galega, desenvolvendo un traballo de campo, desde os puntos de vista etnográfico ou etnolóxico.	Realización dun traballo de campo sobre elementos patrimoniais galegos	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Antropoloxía cultural galega e a súa patrimonialización. Etnografía e etnoloxía.

UD	Título da UD	Duración
9	Antropoloxía filosófica	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Repasar as variacións históricas de teorías que, tanto en tradicións non occidentais como na nosa tradición filosófica, xurdiron para explicar a natureza humana, encadrando esas variacións nas grandes liñas que determinaron as diferenzas entre as distintas épocas da historia da filosofía.	Elaboración dun texto de produción propia coas conclusións do aprendido durante o curso	PE	25
CA2.1 - Analizar o papel da Antropoloxía filosófica entre as outras disciplinas filosóficas mediante a consideración rigorosa do papel que xoga o ser humano na definición mesma desas disciplinas, e a lectura crítica de textos centrais da tradición do pensamento occidental que perfilan esa relación.	Elaboración dun mapa conceptual sobre a relación actual da antropoloxía coas demais ramas do saber	TI	75
CA2.2 - Reflexionar sobre a situación da filosofía na súa análise do ser humano, logo da conformación da Antropoloxía sociocultural como ciencia social autónoma e da Antropoloxía fisicobiolóxica como ciencia natural que estuda a natureza humana, debatendo de xeito argumentado e construtivo sobre a posibilidade dun espazo propio para esa indagación filosófica.	Exposición de ideas, debate argumentativo sobre as aportacións das ciencias a unha idea actual sobre a natureza humana		
CA2.4 - Presentar organizadamente as grandes teorías filosóficas que pretenderon dar co trazo da especificidade dos humanos, usando ferramentas TIC axeitadas e, de ser o caso, confrontando os argumentos desas teorías cos coñecementos achegados, tanto no eido sociocultural como no físico-biolóxico, por outras disciplinas antropolóxicas alleas á filosofía.	Resumo elaborado mediante TICs sobre o longo camiño da reflexión filosófica acerca do ser humano		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A Antropoloxía entre as disciplinas filosóficas.

Contidos

- A posición ontolóxica do ser humano.
- As raíces antropolóxicas da ética, a estética e a filosofía política.
- A Antropoloxía filosófica na era da Antropoloxía fisicobiolóxica e da Antropoloxía sociocultural.
- A idea da natureza humana na tradición filosófica.
- O problema da natureza humana desde outros horizontes culturais.
- Na Filosofía antiga.
- No Medievo.
- Do Renacemento á Ilustración.
- Desde o século XIX.
- A busca da especificidade humana.
- Autoconsciencia e consciencia da finitude.
- A linguaxe e o simbolismo.
- A praxe en liberdade.
- As paixóns e os afectos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do curso combinaranse diversos métodos de participación do alumnado co fin de acadar os obxectivos de aprendizaxe e comprensión. tales como elaboración de esquemas, realización de traballos colaborativos para expoñer na aula, investigación utilizando as TIC..., fomentarse o debate e a expresión do alumnado, sobre todo atendendo a que este alumnado pode proceder das distintas modalidades de bacharelato, e todos poden facer aportacións interesantes dende coñecementos máis específicos, acadando así o obxectivo da multidisciplinabilidade.

A docente vai insistir nos procedementos de comprensión das peculiaridades culturais e humanísticas, enfocado dende unha perspectiva comprensiva, sobre todo a través de traballos de investigación, e da comprensión de documentos, fomentando a produción do propio alumnado, polo que se procurará non facer só un tipo de proba, atendendo á consecución de competencias por parte do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Manual de referencia, Antropoloxía, da editorial Xerais. Documentais como La odisea de la especie, Caminando con Cavernícolas, ou La travesía del hombre.

A recomendación é traballar sobre a base do manual publicado por Xerais, recomendado, non ten carácter obrigatorio.

Por outra banda utilizaranse documentais, artigos, publicacións especializadas, libros e blogs científicos... pois a materia de Antropoloxía pode enriquecerse constantemente dos últimos descubrimentos científicos en moitos ámbitos.

Procurarase que o alumnado se acostume todo o posible a traballar a partir da aula virtual, donde a profesora vai

deixar establecidos dende o principio os contidos, actividades complementarias, enlaces web e todo o que o alumnado precisa para superar a materia con solvencia. Na aula virtual tamén se irán engadindo a medida que se vaian expoñendo, oos traballos de investigación expostos polo alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tras unha introdución sobre a materia e os distintos bloques de contidos, realizarase unha proba tipo test, con preguntas sinxelas, para comprobar o grao de asimilación do alumnado respecto do nivel conceptual da materia, para adecualo a eles.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	12	11	11	12	11	10	11	100
Proba escrita	0	50	0	0	100	50	100	100	25	47
Táboa de indicadores	100	50	100	100	0	50	0	0	75	53

Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado trimestralmente cunhas probas escritas obxectivas, e con diferentes traballos, cuestionarios ..que serán indicados pola profesora a medida que se van desenvolvendo os contidos previstos. A ponderación de cada elemento será de 80% nas probas escritas que consistirán en preguntas teóricas ou na análise de casos prácticos nos contidos que así o permitan, e 20% na elaboración de esquemas, traballos expositivos, aproveitamento do traballo de aula. No relativo ao traballo persoal do alumnado non se puntuarán traballos feitos a ordenador co fin de evitar as trampas, terán que ser escritas a man todas as actividades.

Ademais de que na segunda avaliación ese 80% consistirá na elaboración dun traballo de investigación, colaborativo e en grupo, para expoñer na aula, acerca dalgunha das culturas máis curiosas ou de interese para o alumnado; e no terceiro trimestre ese 80% consistirá tamén nun traballo sobre etnografía galega comparativa con outras comunidades autónomas.

A nota mínima para acadar o aprobado ten que ser 5, en cada trimestre, de non ter acadado esa nota o alumno ou alumna terá que facer a pertinente recuperación. De non ter acadado o 5, o redondeo será a partir do 4'75 durante o curso para chegar ao 5, menos de esa nota o redondeo será á baixa, só ao final de curso poderíase ter en conta a posibilidade de facer o redondeo dende 4'5 cara ao 5, atendendo á diversidade do alumnado, ou no caso de haber algún alumno con necesidades educativas especiais.

Criterios de recuperación:

O alumnado disporá dunha recuperación de cada trimestre ao remate do mesmo. En xuño disporá tamén dunha proba final sobre os contidos en caso de ter que recuperar a materia, tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria. Na convocatoria ordinaria só terán que recuperar, de novo, o trimestre suspenso en cada caso. Na convocatoria extraordinaria a proba será de contidos de todo o curso. Os redondeos serán os mesmos que nos criterios de cualificación.

No caso de ter que recuperar algún dos trimestres nos que a nota principal consiste na exposición dun tema, a recuperación consistirá nunha proba de preguntas sobre os traballos expostos.

No caso de ter suspenso algún trimestre ou máis dun, en xuño haberá unha proba final, no que se terá opcións de aprobar, aplicando os criterios antes expostos.

En xuño tamén hai a convocatoria extraordinaria, na que para acadar o aprobado, 5, ten que superarse unha única proba escrita, a nota final será a desa proba,

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai posibilidade de materias pendentes, por ser inicio do bacharelato.

6. Medidas de atención á diversidade

En todo momento se levarán a cabo as adaptacións necesarias para que todo o alumnado con necesidades educativas especiais, poida continuar o ritmo da clase. Seguindo sempre as directrices do departamento de orientación, tales como fraccionar as probas escritas por partes, conceder máis tempo para a elaboración das mesmas...

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora en textos de diferentes procedencias	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral, exposicións e debates, argumentada, planificada e ordeada				X		X		
ET.3 - Fomentar a indagación e curiosidade por novos coñecementos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Utilización o máis asidua posible das TIC	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora en textos de diferentes procedencias	X
ET.2 - Expresión oral, exposicións e debates, argumentada, planificada e ordeada	X
ET.3 - Fomentar a indagación e curiosidade por novos coñecementos	X
ET.4 - Utilización o máis asidua posible das TIC	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída	Saída ao Museo do Pobo Galego		X	

Observacións:

Intentarase levar a cabo a saída ao Museo do Pobo Galego, como no curso precedente, colaborando coa organización da mesma co departamento de Normalización Lingüística

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cuestionario modelo indicado ao final da descrición

Descrición:

Ao longo do curso, o profesorado do Departamento realizará unha posta en común co alumnado a fin de avaliar o desenvolvemento de cada período de avaliación: grao de consecución dos obxectivos propostos, temporalización axeitada, aplicación dos criterios de avaliación así como dos de cualificación.

A fin de avaliar a metodoloxía e desenvolvemento dos contidos expostos nesta programación, o profesorado deste Departamento realizará unha reunión específica despois da realización das sesións de avaliación na que se tratarán aspectos relacionados coa práctica docente:

¿ Resultados obtidos nos diferentes cursos.

¿ Análise dos problemas xurdidos nas diferentes materias e grupo.

¿ Seguimento axeitado da programación para cada trimestre.

¿ Propostas de solución para o axuste da programación ou de novas actividades que deban ser engadidas ou corrixidas.

O análise realizado será comunicado posteriormente á Comisión de Coordinación Pedagóxica para a súa consideración.

Nas reunións de departamento ordinarias mensuais, e tantas ocasións como sexa preciso, trataranse os seguintes aspectos:

Escala: Moi ben, ben, suficiente, mal.

1. Fanse explicacións xerais para todos os alumnos.

2. Fanse explicacións individualizadas se é necesario.

3. Compróbase de distintos xeitos o grao de comprensión do alumnado (preguntas na clase, probas, observación do traballo na aula).

4. Elabóranse actividades variadas e estratexias metodolóxicas diferentes segundo os contidos impartidos.

5. Elabóranse probas de avaliación axeitadas aos contidos impartidos.

6. Elabóranse actividades e probas de avaliación que teñan en conta a atención á diversidade.

7. Trabállase individualmente e en equipo.

8. Trabállase coa comprensión e expresión oral e escrita.

9. Favorécese o gusto pola lectura.

10. Utilízanse as TICs.

11. Danse aos alumnos con rapidez as probas e traballos corrixidos.

12. Coméntanse cos alumnos os erros cometidos nestas probas e acláraselle a puntuación obtida e o porqué da mesma.

13. Colabórase co titor nas tarefas de información ás familias, do correcto comportamento na clase e da obtención de bos resultados académicos.

14. Trabállanse todos os estándares segundo o previsto.

15. Aténdese aos elementos transversais.

16. Conséguese un clima de silencio e atención na clase axeitado para as explicacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Unha vez rematado o curso o Departamento elaborará a memoria do curso na que realizará unha avaliación da Programación tendo en conta os seguintes criterios:

¿ Grao de consecución dos obxectivos propostos nas distintas materias.

¿ Modificacións na temporalización das previsións establecidas na programación.

¿ Selección dos instrumentos axeitados e revisión dos procedementos de cualificación.

¿ Avaliación do tratamento do alumnado que deba recuperar materias pendentes.

¿ Posibilidade de realización das actividades propostas así como avaliación das realizadas para os diferentes Plans do centro así como as actividades extraescolares.

¿ Avaliación dos materiais de lectura propostos.

¿ Corrección da estrutura desta Programación.

Analizados todos estes datos, o Departamento propondrá as medidas axeitadas para axustar tanto os obxectivos, os contidos mínimos, os criterios de cualificación, a metodoloxía, as medidas de atención a diversidade etc, que sexan pertinentes para mellorar a Programación didáctica.

9. Outros apartados